

Da mesma forma que os mariñeiros de Ulises se sentían atraídos polos cantos das sereas, así lles sucede aos protagonistas do recente Premio Barco de Vapor, *O canto dos peixes*, cuxo autor


Marcos Calveiro fai una vez máis gala do seu dominio do vocabulario e dende a sinxeleza na expresión educa o público mozo para que amplíe a súa bagaxe cultural e conceptual.

Trátase dunha novela na que o mar e todo o que o rodea é percibido como un ente extremadamente sedutor que é quen de arrastrar vontades, superar obstáculos emocionais e mesmo enfeitizar imaxes, de tal modo e maneira que se este sentimento consegue ani-

# Novela do mar

## A autoridade da vida

MARÍA NAVARRO



ñar no corazón das persoas cáseque resulta imposible loitar contra el, da mesma forma que as sereas exercían una atracción sen parangón sobre os nave-

gantes en *A Odisea* de Homero e que os levaba a súa perdición.

Experiencia e inxenuidade alíanse no texto e amosan a súa complementariedade e así o vello Ismael e o mozo Xacobe, tras un primeiro encontro onde cada un marca terreo, exhiben os seus dotes de negociadores de sentimentos. Un, curtido polos anos e a vida, atopa a frescura

no comportamento espontáneo do rapaz, o outro toma as reflexións do ancián como auténticos tesouros.

A relación que se establece entre eles é

aproveitada polo autor para introducir o lector en dous mundos ben diferentes, pero que nalgún momento poden interconectarse; o progreso e todo o que de destrución/construción trae consigo e as dificultades familiares daqueles que se conforman só con vivir e ser.

O tratamento que o autor concede a un mundo e a outro converxen nun punto intermedio no que é importante a vida e a morte. Apélase neste sentido á intelixencia do lector para que contribúa co seu coñecemento da realidade a interpretar as palabras, a ler entreliñas, a chegar máis alá do pensamento e, porque non, a adoitir unha actitude crítica co que o rodea e dende aí modificar aquilo que considere. E é que ás veces, falarlles aos rapaces dende a autoridade que ofrece a vida pode ser unha boa práctica de aprendizaxe!

*CALVEIRO, Marcos, O canto dos peixes, Ed. SM, Madrid, 2009, 7,02€*